

## VIAXE DE FIN DE CURSO 4º DA ESO: AVENTURA EN PICOS DE EUROPA

### 11 DE MAIO AO 16 DE MAIO

#### DÍA 1. VIGO - PICOS DE EUROPA

Saída do IES á hora acordada. Breves paradas polo camiño. Xantar en restaurante. Chegada ao hotel. Cea e aloxamento.

#### DÍA 2. PICOS DE EUROPA: SENDEIRISMO / COVADONGA E CANGAS DE ONÍS

Almorzo e saída para realizar un roteiro de sendeirismo polo Parque Nacional de Picos de Europa. Faremos un percorrido a pé para bordear os Lagos Enol e Ercina, para coñecer o hábitat e o ecosistema da alta montaña e a economía tradicional desta zona. Xantar picnic. Pola tarde Covadonga, visitaremos a Basílica e a cova na montaña. Continuaremos coa visita a Cangas de Onís: construcións, palacios, ponte romano sobre o Sella. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

#### DÍA 3. DESCENSO EN CANOA RÍO SELLA / SIDRERIA / RIBADESELLA

Almorzo. Empezamos o día coa actividade de Canoa. Descenderemos o famoso río Sella en canoas biprazas desfrutando da aventura e da natureza. O percorrido é duns 8 Km. Durante o descenso gozaremos da aventura cos rápidos do río e da natureza. Xantar tipo picnic. Pola tarde teremos tempo libre en Ribadesella, lugar de desembocadura do río Sella onde destaca a ermida da Guía e a súa vistas aos Picos de Europa. Faremos unha actividade aínda por determinar. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

#### DÍA 4. SANTILLANA DEL MAR / NEOCUEVA DE ALTAMIRA / ESPELEOLOXÍA

Almorzo. Visitaremos a vila medieval de Santillana del Mar. Tamén visitaremos a reprodución da Cova de Altamira, Neocova, para coñecer a vida dos primeiros poboadores da península ibérica. Comida de picnic. De regreso realizaremos a actividade de espeleoloxía na Cova de Cobijero. Entraremos nunha pequena cova con cascós e frontais, que nos levará ata o mar, comprendendo o fenómeno Kárstico en todo o seu esplendor. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

#### DÍA 5. PARQUE DE AVENTURA / PAINTBALL

Almorzo. Pola mañá, gozaremos dun Parque de Aventura que consta de diferentes probas, tales como ponte colgante, tirolina, rappel, etc., que teremos que superar nun circuíto completo que nos levará media xornada. No descenso de canóns coñeceremos os Picos de Europa por dentro. É un canón de iniciación onde non se necesitan cordas e non ten perigo para os participantes. Xantar picnic. Pola tarde realizaremos unha Competición de Paintball. Cea e aloxamento.

#### DÍA 6. ASTURIAS - VIGO

Almorzo. Pola mañá visitaremos Oviedo. Xantar en restaurante. Breves paradas en camiño. Chegada ao centro.

PREZO: O prezo vai depender do número de alumnado que vaia á excursión, pero a estimación é a seguinte:

50 ALUMNOS/AS	450 EUROS
60 ALUMNOS/AS	500 EUROS
70 ALUMNOS/AS	475 EUROS
80 ALUMNOS/AS	465 EUROS

No momento en que remate a inscrición trasladaremos ás familias o importe exacto.

**Prazos de pagamento da excursión:**

**Ata o 29 de outubro:** ingresar 125 euros en concepto de reserva de praza e primeiro pagamento

**Ata o 15 de novembro:** ingresar 90 euros en concepto de 2º pagamento

**Ata o 15 de xaneiro:** ingresar 90 euros en concepto de 3º pagamento

**Ata o 15 de febreiro:** ingresar 90 euros en concepto de 4º pagamento

**Ata o 15 de marzo:** ingresar 90 euros en concepto de 5º pagamento (este último dependerá do prezo final da excursión)

CONTA BANCARIA DO INSTITUTO: ABANCA: ES91 2080 5077 9230 4001 8835

EN CONCEPTO: APELIDO ALUMNO/A, NOME ASTURIAS

**IMPORTANTE:** O alumnado con faltas de conduta graves, expedientes ou reiteración de amoestacións non poderá ir á excursión. Os cartos da excursión non se devolven se finalmente non se pode ir.